

RESOLUCIÓN DO 10 DE XUÑO DE 2022, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE REGULA A XESTIÓN DE PROBAS DE NIVEL LINGÜÍSTICO PARA O ALUMNADO QUE CURSE ESTUDOS DURANTE O CURSO 2022/2023 EN CENTROS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.

As accións e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa nos últimos quince anos veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación lingüística dos distintos países membros da Unión, ao considerar a competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüisticamente diversa.

As liñas estratéxicas desta Consellería contemplan medidas e accións enfocadas a que o alumnado adopte unha actitude positiva de cara ás linguas e ao mesmo tempo aprecie a diversidade cultural e a comunicación intercultural. A comunidade internacional considera o multilingüismo como unha ferramenta moi poderosa para o multilateralismo e a cooperación internacional, tan necesaria ante os retos globais aos que nos enfrontamos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria implantou de xeito experimental os centros plurilingües en Galicia durante o curso 2010-2011, como parte do proceso de fomento da diversidade lingüística e cultural da súa política educativa e do que forman parte programas como a Anticipación da Primeira Lingua Estranxeira, os Cursos para a formación complementaria de aprendizaxe de linguas estranxeiras ou o Plan de Seccións Bilingües. Esta implantación experimental permitiu, por unha banda, incrementar a presenza da lingua estranxeira como lingua vehicular, mediante a aplicación do disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia; e pola outra, favorecer a transferencia entre as linguas que se imparten nos centros educativos galegos, tanto nas destrezas comunicativas como nas destrezas académicas, mediante a concreción de medidas tendentes á impartición dun currículo integrado das linguas no proxecto lingüístico de centro.

A resposta altamente favorable dos centros educativos e das familias á participación neste proxecto de plurilingüismo da Consellería e o compromiso do profesorado, responsable do desenvolvemento do proxecto, coa formación do alumnado e a súa propia levaron á Administración educativa a continuar na vía iniciada e a promover a ampliación do programa plurilingüe na Educación Infantil, no Bacharelato e na Formación Profesional desde o ano 2017. Igualmente, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en coherencia coa política educativa que desenvolve, incorpora cada curso un maior número de auxiliares de conversa aos centros educativos, especialmente a aqueles que forman parte da Rede de Centros Plurilingües ou participan no Programa de seccións bilingües.

Ademais, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades organiza anualmente actividades de formación en linguas estranxeiras para o alumnado que se desenvolven durante o curso escolar en centros residenciais situados en Galicia en réxime de



internado para estimular a práctica do idioma e a súa utilización en contextos comunicativos diversificados e enfocados cara á mellora da comunicación oral co apoio de profesorado nativo en lingua inglesa. Igualmente organiza actividades de inmersión lingüística no estranxeiro.

A nova liña de actuación para o fomento e desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, *EDUlingüe2030*, contempla, como un dos seus obxectivos estratéxicos, a internacionalización do sistema educativo galego creando un novo marco de traballo a partir das relacións internacionais que impliquen a mobilidade de alumnado e apostando por unha educación intercultural, multilingüe e cosmopolita acorde co mundo actual.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección xeral,

RESOLVE

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación*

A presente resolución ten por obxecto a regulación da xestión de probas de nivel lingüístico para o alumnado dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Poderán participar nesta convocatoria os centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos que se impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

Segundo. *Obxectivos e características das actividades*

As probas ás que se refire esta resolución desenvolveranse de acordo co obxectivo e as características que se especifican a continuación:

1. O obxectivo principal destas probas é acreditar a competencia en lingua estranxeira do alumnado, nos niveis de competencia B1, B2 ou C1, descritos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa (MCERL), segundo corresponda.
2. As probas que realizará o alumnado corresponderanse co nivel B1, B2 ou C1 (segundo decida o alumnado coa orientación do seu profesorado de lingua estranxeira) e terá que ser unha das probas recollida no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta Consellería, ou proba análoga que conte co mesmo recoñecemento internacional e siga os mesmos estándares de calidade.

3. As probas realizaranse durante o curso 2022/2023.

Terceiro. Destinatarios

1. Os destinatarios desta convocatoria son os centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos que se impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

2. As probas están destinadas ao alumnado de bacharelato, ciclos de formación profesional e alumnado de 4º da ESO.

Cuarto. Organización e xestión das probas.

1. As probas de nivel lingüístico deberán ser realizadas polas empresas ou institucións que figuran no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016.

2. Os centros educativos indicarán na súa solicitude o número de alumnado interesado por nivel e informarán o alumnado desta convocatoria e identificarán o alumnado interesado na realización das probas (cun compromiso individual do alumnado/familias que custodiará o centro).

3. Unha vez publicada a resolución definitiva de centros seleccionados, se a dotación económica que recibe o centro educativo non fose suficiente para cubrir todas as demandas de alumnado interesado, os centros educativos seleccionarán o alumnado participante nestas probas segundo criterios transparentes, públicos e obxectivos dos que se informará ao claustro e que se aprobarán no consello escolar. Unha vez realizada a selección en acto público, levantarase acta do sorteo ou selección realizada e custodiarase no centro educativo.

4. Os centros educativos seleccionarán as probas ás que se presentará o seu alumnado. Esta selección debe buscar a maior proximidade e comodidade para que o alumnado poida participar nas probas e que o custo se adecúe á dotación económica facilitada por esta Consellería, para evitar o custo para as familias.

5. As familias ou, no seu caso, os centros educativos, encargaranse da organización do traslado do alumnado ao lugar de realización das probas, en caso de que estas non poidan realizarse no propio centro educativo. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades non asumirá os gastos derivados destes desprazamentos.

6. O alumnado será orientado polo profesorado de lingua estranxeira e deberá coñecer con antelación as características da proba á que se vai presentar.

7. Cada alumno ou alumna poderá matricularse nunha única proba dunha lingua estranxeira que será, preferentemente, a que curse como primeira lingua estranxeira.



Quinto. Financiamento

O financiamento para a xestión das probas de certificación en lingua estranxeira previstas nesta resolución efectuarase con cargo á partida orzamentaria 10.30.423A.640.15, por un importe máximo de 450.000,00 €. O custo outorgado a cada centro por proba e alumno/a de acreditación en lingua estranxeira será de 100 € e debe incluír:

- a) a realización das probas das destrezas orais e das destrezas escritas.
- b) a certificación correspondente.

Sexto. Solicitudes e prazo de presentación

Os centros que desexen participar nesta convocatoria deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>.

A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen terá o permiso de creación e presentación da solicitude. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerarase un documento no buzón de informes (Anexo I), non tendo que remitilo por ningunha vía. Este documento será custodiado no centro educativo.

Presentada a solicitude, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírese ao centro solicitante para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.

Na solicitude faranse constar, ademais dos datos de identificación do centro e da persoa directora, os datos relativos á previsión de matrícula de alumnado para o curso 2022/2023 que se relacionan a continuación, segundo se cumpran en cada caso, e o correspondente compromiso individual asinado polo alumnado/familias.

1-. Alumnado que cursa ensinanzas plurilingües:

- 2º curso de bacharelato que curse o programa PluriBach.
- 2º curso dun ciclo PluriFP.
- 1º curso de bacharelato que curse o programa PluriBach.
- 1º curso dun ciclo PluriFP.
- 4º curso de ESO que curse o programa plurilingüe.

2-. Alumnado que non cursa ensinanzas plurilingües:

-2º curso de bacharelato.

-2º curso dun ciclo de FP.

-1º curso de bacharelato.

-1º curso dun ciclo de FP.

-4º curso de ESO.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>).

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día

hábil seguinte e se no mes do vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

Sétimo. Criterios de selección dos centros

Todos os centros solicitantes que cumpran cos criterios de participación indicados nesta Resolución serán seleccionados. Os centros non poderán percibir unha asignación superior ao número total de alumnado interesado.

A dotación económica para cada centro resultará da distribución da dotación económica total desta convocatoria entre os centros solicitantes do seguinte xeito:

1. Alumnado de 2º curso de bacharelato que curse o programa PluriBach.
2. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado de 2º curso dun ciclo PluriFP.
3. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado de 1º curso de bacharelato que curse o programa PluriBach.
4. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado de 1º curso dun ciclo PluriFP.
5. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado matriculado en 4º da ESO nun centro plurilingüe.
6. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado de 2º curso de bacharelato, non pertencente ao programa plurilingüe.



7. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado de 2º curso dun ciclo de FP, non pertencente ao programa plurilingüe.
8. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado de 1º curso de bacharelato, non pertencente ao programa plurilingüe.
9. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado de 1º curso dun ciclo de FP, non pertencente ao programa plurilingüe.
10. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros con alumnado de 4º curso de ESO, non pertencente ao programa plurilingüe.

Oitavo. Comisión de valoración

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades realizará a selección dos centros educativos participantes nesta convocatoria, mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, e que tamén estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, do Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos, así como dúas persoas asesoras ou asesoras técnicas da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha delas realizará as funcións de secretaria.
2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando que se cumpran os requisitos estipulados nesta convocatoria.

Noveno. Resolución provisional

Valoradas as solicitudes, a Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa publicará no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) a proposta de resolución provisional. Abrirase un prazo de 5 días hábiles, a partir do día seguinte da publicación para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

Décimo. Resolución definitiva

1. Analizadas e resoltas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional o secretario xeral de Educación e Formación Profesional educativa ditará a resolución definitiva.
2. A dita resolución publicarase no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de cinco meses, contado desde o remate do prazo de solicitude.
3. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-



administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).

4. Se transcorre o prazo máximo que se sinala no parágrafo segundo deste artigo sen que se publique a resolución definitiva, os centros solicitantes poderán entender desestimadas, por silencio administrativo, as súas solicitudes, para os efectos de interpoñer os recursos que proceda.

Décimo primeiro. *Fiscalización e control*

Os centros beneficiarios recibirán a dotación económica en concepto da xestión de probas de nivel lingüístico. Os centros educativos quedarán obrigados a xustificar adecuadamente os gastos relacionados coa realización destas probas para o seu alumnado, que se xustificará de maneira análoga a calquera outro gasto. As facturas, así como os seus xustificantes de pagamento, deberán quedar debidamente arquivados e custodiados na secretaría do centro. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá solicitar información sobre os custos específicos derivado desta resolución, polo que estes gastos deberán estar perfectamente identificados na contabilidade do centro

Décimo segundo. *Datos de alumnado presentado, probas realizadas e resultados obtidos*

Os centros educativos deberán informar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do número de alumnado matriculado, da proba realizada, do nivel lingüístico ao que se presentou o alumnado e da superación ou non desta proba, para poder extraer datos xerais da competencia en linguas estranxeiras do alumnado de 4º da ESO, así como do alumnado de bacharelato e da formación profesional, de ser o caso.

A Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa facilitará o formulario para a remisión do devandito informe.

Décimo terceiro. *Notificacións*

Notificaranse ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarto. *Datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta



circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2022

Judith Fernández Novoa



Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa